

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto e, expresamente, o Real decreto 2349/1984, do 28 de novembro, polo que se regula a pesca de cerco no caladoiro nacional.

**Disposición derradeira primeira. *Título competencial.***

O disposto neste real decreto constitúe normativa básica de ordenación do sector pesqueiro e dítase ao abeiro do artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución. Exceptúanse do anterior os artigos 3.1 e 4 que, ao abeiro do citado precepto constitucional, se ditan en exercicio da competencia exclusiva do Estado en materia de pesca marítima.

**Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.***

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito da súa competencia, as normas necesarias para o cumprimento e desenvolvemento deste real decreto.

**Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.***

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de marzo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**4968** *REAL DECRETO 335/2004, do 27 de febreiro, polo que se modifican o Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, e o Real decreto 2930/1979, do 29 de decembro, polo que se revisa a tarifa de primas para a cotización á Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais. («BOE» 67, do 18-3-2004.)*

Desde a entrada en vigor do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, a súa aplicación práctica evidenciou determinadas disfuncións que deben ser emendadas para a consecución plena das finalidades básicas perseguidas pola regulación que establece a dita norma regulamentaria.

Tal é o obxectivo deste real decreto, en virtude do cal se efectúan exclusivamente reformas parciais no citado regulamento xeral, referidas a certas materias singulares recollidas nel, ás que se vén dar nova regulación co fin de solucionar as indicadas disfuncións

advertidas na aplicación da ata agora vixente, recollendo nese sentido tamén as pretensións para o efecto expostas nos distintos ámbitos polos colectivos afectados por ela.

Así, por unha parte modifícanse os seus artigos 8 e 43 en función, basicamente, da vixencia actual do euro.

Nese sentido, a nova redacción que se lle dá ao punto 2 do artigo 8 ten por finalidade axustar o importe das bases de cotización en cada caso á unidade de euro máis próxima, por exceso ou por defecto, en lugar de facelo ao múltiplo máis próximo de 100, para bases diarias, ou de 3.000, para bases mensuais, redondeo que non se adapta á vixente unidade de conta no noso sistema monetario. Igualmente, a modificación do punto 2 do artigo 43 ten por exclusivo obxecto suprimir a referencia aos redondeos a múltiplos de 3.000 de acordo coa determinación das bases de cotización no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, posto que iso carece xa de sentido en función da repetida vixencia do euro.

Por outra parte, adiciónase un novo parágrafo ao punto 1.B) do artigo 23 do dito regulamento, co fin de excluír da base de cotización ao réxime xeral da Seguridade Social as cantidades en diñeiro ou produtos en especie entregados polo empresario aos seus traballadores coa finalidade exclusiva de que un terceiro realice operacións con aquel, xa que non constitúen propiamente unha remuneración dos ditos traballadores, aínda que tal exclusión se efectúe soamente ata certos límites para evitar posibles aplicacións indebidas daquela.

Adiciónase tamén un novo parágrafo no punto 2.A).a) do propio artigo 23, co fin de lograr maior homoxeneidade co ordenamento tributario respecto das cotizacións e exclusións por gastos de manutención.

Tamén se lle dá nova redacción ao parágrafo a) do punto 2.F) do referido artigo 23, para concretar o alcance exacto do concepto correspondente a «melloras das prestacións da Seguridade Social», en canto excluídas por este precepto da base de cotización ao réxime xeral, detallándose agora con claridade os supostos que deben ser considerados propiamente como tales melloras de prestacións, para os efectos da súa inclusión ou exclusión da base de cotización, e resolvendo desa forma os actuais problemas interpretativos ao respecto.

Con todo iso preténdese completar o desenvolvemento do artigo 109 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, seguindo no fundamental a directriz de obter a maior homoxeneidade posible co establecido para o efecto en materia de rendementos de traballo persoal polo ordenamento tributario.

Pero, sobre todo, mediante este real decreto procédese a modificar o punto 2 e as letras b) e c) do punto 5 do artigo 32 do repetido regulamento xeral, co obxecto de introducir correccións e melloras no especial sistema de cotización que ese precepto establece para o colectivo de artistas profesionais en espectáculos públicos, integrado no réxime xeral da Seguridade Social, e que responden tanto ás pretensións aducidas ao respecto polo dito colectivo como ás necesidades que demanda a xestión dese particular sistema de cotización. En tal sentido e seguindo esas directrices, as ditas innovacións afectan as regras para a determinación das bases de cotización do citado colectivo de artistas profesionais e das liquidacións mensuais correspondentes, de carácter provisional, así como as regras aplicables para as regularizacións ou liquidacións definitivas anuais desa cotización, ao finalizar cada exercicio económico, a efectuar pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social en función das liquidacións mensuais ingresadas e das retribucións declaradas nos respectivos documentos de cotización, coas seguintes

reclamacións ou devolucións polas diferenzas resultantes en cada caso.

Por último, adiciónaselle un novo parágrafo ao punto 6 do artigo 65 do dito regulamento xeral, co obxecto de establecer unha regulación específica respecto da cotización correspondente ao persoal estatutario de institucións sanitarias nomeado para a prestación de servizos de atención continuada, no marco das institucións sanitarias do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e dos servizos de saúde das comunidades autónomas, conforme as previsións da disposición adicional décimo cuarta da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

Tal regulación específica en canto á cotización por este concreto colectivo considérase igualmente necesaria para fixar criterios uniformes na materia que eviten as distintas interpretacións actuais por parte dos obrigados a cotizar, así como os pronunciamentos dispares que para o efecto foron emitidos polos órganos xurisdiccionais. Nese sentido, o parágrafo que agora se lle engade ao punto 6 do citado artigo 65 aplica criterios singulares para a cotización do dito colectivo, tendo en conta as súas específicas particularidades no exercicio da súa concreta prestación de servizos, que non se adecúan plenamente ás dos contratos de traballo a tempo parcial.

Por outro lado e desde perspectiva distinta, mediante o artigo segundo deste real decreto soluciónase a lagoa existente en canto á epígrafe da tarifa de primas aplicable para a cotización por continxencias profesionais dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial de autónomos durante as situacións de incapacidade temporal e maternidade, cando se encontren acollidos á protección por tales continxencias conforme o previsto na disposición adicional trixésimo cuarta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social. Isto pódese efectuar a través deste real decreto de acordo coa habilitación regulamentaria que para a modificación daquela tarifa de primas se contén no artigo sétimo.dous da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de febreiro de 2004,

## DISPONGO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

O Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 2 do artigo 8 queda redactado nos termos seguintes:

«2. Dentro dos límites a que se refire o punto 3 do artigo seguinte deste regulamento, as ditas bases de cotización poderán ser axustadas, por exceso ou por defecto, ata a unidade de euro máis próxima, nos termos e condicións que estableza o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, sen que as ditas regularizacións poidan superar os topos absolutos, máximos e mínimos, fixados para aquelas.»

Dous. Adiciónase unha nova letra d) ao punto 1.B) do artigo 23, coa seguinte redacción:

«d) As cantidades en diñeiro ou os produtos en especie entregados polo empresario aos seus traballadores como doazóns promocionais e, en xeral, coa finalidade exclusiva de que un terceiro celebre contratos con aquel, non se incluírán na base de cotización sempre que as ditas cantidades ou o valor dos produtos non excedan da contía equivalente a dúas veces o importe do salario mínimo interprofesional vixente en cada exercicio, sen incluír a parte correspondente das pagas extraordinarias.»

Tres. Engádeselle un novo parágrafo ao punto 2.A).a) do artigo 23, coa seguinte redacción:

«Tampouco se computarán na base de cotización os gastos de manutención, aboados ou compensados polas empresas a traballadores a elas vinculados por relacións laborais especiais, por desprazamentos fóra da fábrica, taller, oficina ou centro habitual de traballo, para realizalo en lugar distinto deste ou diferente municipio, tanto se o empresario os satisfai directamente como se resarce deles o traballador, cos límites establecidos no punto B) do artigo 8 do indicado Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O exceso sobre os límites sinalados nos puntos citados computarase na base de cotización á Seguridade Social.»

Catro. A letra a) do punto 2.F) do artigo 23 queda redactado nos termos seguintes:

«a) Considéranse melloras das prestacións da Seguridade Social as cantidades de diñeiro entregadas directamente polos empresarios aos seus traballadores ou asimilados, así como as achegas efectuadas por aqueles aos plans de pensións e aos sistemas de previsión social complementaria dos seus traballadores, a que se refiren os artigos 192 e 193 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, sempre que o beneficio obtido ou que puidese chegar a obter o interesado supoña unha ampliación ou complemento das prestacións económicas outorgadas polo réxime xeral da Seguridade Social en que se encontren incluídos os ditos traballadores.

Unicamente poderán ter a consideración de melloras das prestacións económicas de xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia outorgadas polo dito réxime xeral da Seguridade Social as achegas efectuadas polos empresarios a plans de pensións e ao financiamento das primas de contratos de seguro, destinadas a satisfacer os compromisos por pensións derivados das citadas continxencias e asumidos co persoal da empresa.

Non obstante, as axudas e demais cantidades de diñeiro por gastos sanitarios entregadas polas empresas aos seus traballadores ou asimilados deberanse incluír na correspondente base de cotización, complementen ou non prestacións contributivas ou non contributivas do sistema da Seguridade Social.»

Cinco. O punto 2 do artigo 32 queda redactado nos seguintes termos:

«2. A base de cotización para as continxencias comúns non poderá ser superior ás bases máximas a que se refire o punto 1 do artigo 26, de acordo

coa asimilación de categorías profesionais que se efectúa no punto seguinte deste artigo.

A base mínima de cotización en cada exercicio para continxencias comúns e desemprego será a correspondente ao grupo de cotización en que estea encadrado o traballador en función da súa categoría profesional, salvo naqueles grupos en que a dita base de cotización sexa inferior á mínima establecida para o réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, caso en que se aplicará esta última.

Para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e para as dos conceptos de recadación conxunta, as bases de cotización non poderán ser superiores nin inferiores, respectivamente, aos topes máximo e mínimo a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 9.»

Seis. As letras b) e c) do punto 5 do artigo 32 quedan redactadas nos seguintes termos:

«b) Non obstante o indicado no parágrafo anterior, as empresas cotizarán mensualmente por todas as continxencias, en función das retribucións percibidas por cada día que o artista exercese a súa actividade por conta daquelas, sobre as bases fixadas en cada exercicio económico, con independencia do grupo profesional en que o artista se encontre incluído, pero con aplicación do tope máximo mensual de cotización tanto para continxencias comúns como para continxencias profesionais.

Se o salario realmente percibido polo artista, en cómputo diario, fose inferior ás cantidades a que se refire o parágrafo anterior, cotizarase por aquel. En ningún caso, para a cotización por continxencias comúns, se poderá tomar como base de cotización unha cantidade menor ao importe diario da base mínima de cotización a que se refire o parágrafo segundo do punto 2. Polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e demais conceptos de recadación conxunta, a base de cotización non poderá ser inferior aos topes mínimos absolutos indicados no punto 2 do artigo 9.

As ditas liquidacións mensuais terán o carácter de provisionais para os traballadores respecto das continxencias comúns e desemprego.

c) Ao finalizar o exercicio económico de que se trate, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, conforme o sinalado no punto 4 deste artigo e tendo en conta as retribucións declaradas nos documentos de cotización así como as bases cotizadas, efectuará a liquidación definitiva correspondente aos traballadores para continxencias comúns e desemprego, con aplicación do tipo xeral establecido para estas continxencias, tanto o correspondente á achega empresarial como á dos traballadores, procedendo, se é o caso, á reclamación a estes últimos do importe da liquidación definitiva para que ingresen as diferenzas de cotas no prazo regulamentario do mes seguinte á súa notificación. Non obstante, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá autorizar os traballadores que o soliciten dentro do dito mes a efectuaren tal ingreso por períodos mensuais diferidos nun ou máis meses naturais ata o máximo de seis, como prazos regulamentarios de pagamento.

Unha vez recibida a liquidación definitiva polo traballador, este poderá optar, dentro do mes seguinte á notificación da liquidación, por aboar o seu importe ou porque a regularización se efectúe en función das bases efectivamente cotizadas. Se

non efectuase ningunha comunicación no dito prazo, entenderase que opta por esta última, procedendo a Tesouraría Xeral da Seguridade Social a efectuar a nova regularización, deixando sen efecto a primeira.

No suposto de que, practicada pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social a liquidación de cotas definitiva aos traballadores, se producise un exceso de cotización no exercicio económico, procederase, por indebidas, á devolución, de oficio ou por instancia de parte, das cantidades ingresadas de máis por parte dos ditos traballadores, conforme o establecido nos artigos 23 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e 44 do Regulamento xeral de recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social e demais disposicións complementarias.»

Sete. O parágrafo segundo do punto 2 do artigo 43 queda redactado nos termos seguintes:

«A inclusión dentro deste réxime especial levará implícita a obriga de cotizar polo menos sobre a contía da base mínima, sen prexuízo do dereito do interesado a substituír esta por outra superior que elixa entre as establecidas no momento da súa alta, dentro dos límites comprendidos entre as bases mínima e máxima.»

Oito. Adiciónase un parágrafo segundo ao punto 6 do artigo 65, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, o disposto nos puntos 1 a 5 anteriores será aplicable ao persoal estatutario das institucións sanitarias do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e dos servizos de saúde das comunidades autónomas, a que se refire o artigo 9.3.b) da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que fose nomeado para a prestación de servizos de atención continuada fóra da xornada establecida con carácter xeral conforme o establecido no artigo 60 da dita lei e nas condicións previstas na disposición adicional sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social. Se o período de inactividade continuada deste persoal, que non acordase coa súa empresa a prestación de servizos en períodos concentrados, fose superior a un mes natural, as institucións sanitarias deberanlle notificar a dita situación á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e non terán a obriga de cotizar en tal mes ou, se é o caso, meses, aínda que continúen durante estes na situación de alta.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 2930/1979, do 29 de decembro, polo que se revisa a tarifa de primas para a cotización á Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.*

Adiciónase un novo punto, o 94, ao anexo 2 do Real decreto 2930/1979, do 29 de decembro, polo que se revisa a tarifa de primas para a cotización á Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e en virtude do cal se fixa a epígrafe aplicable durante as situacións de incapacidade temporal e maternidade dos traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores autónomos, coa seguinte redacción:

«94. Durante as situacións de incapacidade temporal e maternidade dos traballadores autónomos, calquera que fose a súa actividade, epígrafe 01.»

**Disposición adicional única.** *Liquidacións de cotas dos artistas, anteriores ao 31 de decembro de 2002.*

As cotizacións sociais relativas aos artistas, liquidadas á conta segundo a normativa vixente ata o 31 de decembro de 2002, terán carácter de definitivas para empresas e traballadores.

**Disposición transitoria única.** *Efectos retroactivos dos puntos cinco e seis do artigo primeiro.*

O disposto nos puntos cinco e seis do artigo primeiro seralles aplicable ás liquidacións de cotas posteriores ao 1 de xaneiro de 2003 relativas aos artistas.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Desde a entrada en vigor deste real decreto, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao preceptuado nel.

**Disposición derradeira primeira.** *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as disposicións que resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día primeiro do terceiro mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

## XEFATURA DO ESTADO

**5049** *CORRECCIÓN de erros da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. («BOE» 68, do 19-3-2004.)*

Advertidos erros na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 14 en lingua galega, do 24 de novembro de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2284, disposición derradeira primeira, primeira columna, punto seis, primeiro parágrafo, onde di: «Seis. Engádese unha disposición adicional sexta...», debe dicir: «Seis. Engádese unha nova disposición adicional sétima...».

Na mesma páxina, disposición derradeira primeira, primeira columna, punto seis, segundo parágrafo, onde di: «Disposición adicional sexta. Fomento da sociedade da información», debe dicir: «Disposición adicional sétima. Fomento da sociedade da información».

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**5117** *REAL DECRETO 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarias de petróleo. («BOE» 69, do 20-3-2004.)*

A Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, estableceu no seu artigo 3.1 que os titulares de focos emisores contaminantes á atmosfera, calquera que fose a súa natureza, están obrigados a respectar os niveis de emisión que o Goberno estableza previamente con carácter xeral.

A Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, establece no seu artigo 7.2 que o Goberno, sen prexuízo das normas adicionais de protección que diten as comunidades autónomas, poderá establecer valores límite de emisión para as substancias contaminantes, en particular para as enumeradas no seu anexo 3, e para as actividades industriais incluídas no seu ámbito de aplicación.

O Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, estableceu os niveis de emisión de contaminantes á atmosfera das principais actividades industriais potencialmente contaminadoras da atmosfera.

O Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, foi modificado en varias ocasións, entre elas por medio do Real decreto 646/1991, do 22 de abril, polo que se establecen novas normas sobre limitación ás emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, e polo Real decreto 1800/1995, do 3 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 646/1991, do 22 de abril, polo que se establecen novas normas sobre limitación ás emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión e se fixan as condicións para o control dos límites de emisión de SO<sub>2</sub> na actividade da refinación de petróleo.

O Real decreto 646/1991, do 22 de abril, incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 88/609/CEE do Consello, do 24 de novembro de 1988, sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión.

O Real decreto 1800/1995, do 3 de novembro, ademais de establecer unhas determinadas condicións para o control dos límites de emisión de SO<sub>2</sub> na actividade da refinación, modificou o Real decreto 646/1991, do 22 de abril, ao incorporar á lexislación española a Directiva 94/66/CE do Consello, do 15 de decembro de 1994, pola que se modifica a Directiva 88/609/CEE.

No marco da estratexia comunitaria para combater a acidificación, desenvolvida segundo os obxectivos sobre esta materia do V Programa de Acción Comunitaria en Materia de Ambiente, de non superar unhas cargas e niveis críticos de determinados axentes acidificantes, o Parlamento Europeo e o Consello adoptaron, ademais da Directiva 2001/81/CE, do 23 de outubro de 2001, sobre teitos nacionais de emisión de determinados contaminantes atmosféricos, a Directiva 2001/80/CE, do 23 de outubro de 2001, sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, que vén derrogar a Directiva 88/609/CEE do Consello, do